



A Coruña, 30 de abril de 2024

Estimado/a Sr/a Alcalde/sa:

A Deputación da Coruña, dentro da súa programación deportiva para o ano 2024, pon en marcha un ano máis os campamentos deportivos deste verán, estes campamentos están **destinados a 500 nenos/as empadroados/as nun concello da provincia da Coruña, nados entre o 1 de xaneiro do 2010 e o 31 de decembro de 2015.**

Cada participante aboará unha cota de inscrición de **85,00€ (oitenta e cinco euros), que poderá ser asumida parcial ou totalmente polo concello de procedencia.**

A cota de participación será preciso aboala na conta que publicaremos e enviaremos cando saibamos cal e a empresa adjudicataria do campamento, onde será preciso facer o ingreso, nel constará "Verán", concello e nome do neno/a.

- Comunícolle que nestes campamentos de verán 2024 ao Concello de **BOQUEIXON** correspóndenlle **4 prazas na 3ª quenda** a cal transcorre dende os días **7 ao 12 de xullo**.
- ❖ Entre os **días 2 de maio e o 28 de maio será o prazo para facer as inscricións** dos nenos/as.
- ❖ As inscricións das persoas participantes realizaranse no rexistro do concello onde residan, polo que o concello está obrigado a admitir calquera solicitude presentada no seu rexistro aínda que habilítase outro sistema de presentación (plataforma en liña, etc.)
- ❖ Dende o **día 29 de maio ata o día 31 de maio farase o sorteo das prazas**. Terán prioridade os nenos e nenas que nunca asistiran a campañas de verán. Recórdolle que é imprescindible, no suposto de ter máis solicitudes que números de prazas concedidas pola Deputación, realizar un sorteo público diante do secretario/a do concello para adjudicar estas.
- ❖ **O día 12 de xuño ás 14.00h rematará o prazo para enviar á Deputación os datos** dos nenos e nenas admitidas no campamento de verán, **a través do SIR** e xuntarase a certificación do resultado do sorteo efectuado, así como a **relación dos nenos/as que quedaron na reserva**.

Para calquera aclaración relacionada co programa, poden poñerse en contacto con Deportes da Deputación da Coruña (deportes@dacoruna.gal) (Tfn: 981 080892)

Un cordial saúdo,

Antonio Leira Piñeiro
Deputado de Deporte